



CIRCULAR: 34/2023 COMUNICADO ZONAS DE ESCALADA DO EUME, APROBADO NA REUNIÓN DE XUNTA DIRECTIVA DO 23-10-2023

Na reunión de Xunta Directiva celebrada o pasado 23 de outubro de 2023, aprobouse publicar o seguinte comunicado:

Estimados clubs e deportistas federados.

Como ben coñecedes, no pasado mes de marzo aprobouse o *DECRETO 21/2023, do 2 de marzo, polo que se modifica o Decreto 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do espazo natural das Fragas do Eume, e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume.*

Dende a FGM vos informamos, baixo petición expresa por parte dos xestores do Parque Natural das Fragas do Eume, que a partir de agora e ata novo aviso **non se procederá a conceder máis autorizacións para a escalada nas paredes do canón do Eume** (á altura do encoro, no límite do Parque Natural, nas paredes coñecidas como Xesteira e Ventureira).

Actualmente o Parque Natural está a realizar un estudo sobre "*... avaliación das comunidades vexetais en cantís rochosos no Parque Natural Fragas do Eume*" que aínda non rematou e, polo tanto, non aporta información definitiva sobre a vexetación no canón, **polo cal non procede dar autorización de escalada no Parque Natural Fragas do Eume (principio de precaución), coa excepción da zona da "Canteira", na que si está permitido.**

Lembramos ademais que non existe ningún acceso ou sendeiro oficial autorizado ao canón do Eume, que forma parte da zona declarada como *de reserva* e por tanto, de acceso restrinxido.

Aproveitamos para comentar de xeito resumido as limitacións sobre os usos públicos nesta contorna, que poidan afectar aos deportes de montaña de maneira individual ou colectiva:

- Permítese a *práctica do sendeirismo por sendeiros autorizados*, con limitacións (grupos de até 9 persoas) nas zonas de reserva.
- Queda *prohibida a práctica de barranquismo* en todo o Parque Natural.
- A organización de calquera *evento ou xuntanza deportiva queda suxeita a autorización.*
- A *práctica da escalada só se permite na zona da Canteira.*

Dende a FGM pregamos un uso responsable das zonas permitidas en todo o Parque Natural, facendo especial fincapé naqueles lugares de uso restrinxido que contan coa máxima protección (*zona de reserva*).



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17. Oficina 10
36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal — fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

Está prohibido calquera dano á flora ou á fauna, e sobre os ecosistemas. Hai que facer uso das sendas e camiños autorizados, aparcas nas zonas establecidas e non debemos deixar pegada do noso paso polo medio natural (recoller o lixo, non facer ruído, etc.).

O cumprimento estrito da normativa en vigor evitará conflitos non desexados por ningunha das partes, e será o máis beneficioso para todos os usuarios deste espazo natural.

Para calquera dúbida contactádenos polas canles cotiás da FGM (<https://fedgalmon.gal/>), ou no correo electrónico da Vogalía de Medio Ambiente (medioambiente@fedgalmon.gal).

Contamos coa vosa colaboración.

Vigo, a 4 de novembro de 2023

A presidenta da FGM

Josefina Maestu Almeida